



## Concello de Castroverde

### CONSULTA PÚBLICA PREVIA

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración das normas que van rexer o funcionamento da Residencia e Centro de Día para persoas maiores " O CASTRO", o Concello de Castroverde formula una consulta pública, a través da súa páxina web, con carácter previo á súa aprobación, e solicita a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados polas futuras normas acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Normas que se someten a consulta:

- Proposta de Ordenanza para o acceso á Residencia e Centro de Día.
- Proposta Regulamento de réxime interno do Centro de día
- Proposta Regulamento de réxime interno da Residencia.
- Proposta Ordenanza fiscal do prezo público do Centro de Día
- Proposta Ordenanza fiscal do prezo público da Residencia.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións durante o prazo de dez días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Alcalde,  
Xosé M<sup>a</sup> Arias Fernández

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: 34NLCSRSR2D79HW46P9FSJ59T | Corrección: <http://concellocastroverde.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1